

Polo de Competencias para o Desenvolvemento Rural

PROGRAMA DE ACTIVIDADES ABRIL - XULLO 2009

ACTIVIDADES DE FORMACIÓN AGRO-GANDEIRA



As actividades previstas para este período son as seguintes:

- Xoves 16 de abril, de 11,00 a 14,00 horas: **"Abonado, tratamentos e sementeira do millo"**. Disertarán técnicos das empresas Inabonos, Monsanto e Pioneer.
- Mércores 22 de abril, de 16,00 a 18,30 horas: **Referentes europeos na produción de leite**. Exporán técnicos da Cooperativa Agraria Provincial, de European Dairy Farmers e da empresa Schipers
- Xoves 11 de xuño, de 11,00 a 18,00 horas: **Manexo e mantemento de maquinaria de xardinería**, impartida polo departamento de formación de Shilh

Para inscricións: inscricións@efafonteboa.org
ou no teléfono 981-733051

AINFOVAC



Desde **Ainfogra** continúaase coa difusión de Ainfovac. O venres 20 de marzo comenzo un novo curso na sede de Feiraco.

Asemesmo, estableceuse unha **xuntanza mensual** (primeiro luns de cada mes, de 15:30 a 18:30) entre os asistentes aos cursos realizados con anterioridade en Feiraco: resolución de dúbidas, propoñer melloras e novas funcionalidades para Ainfovac, posta en común de datos, etc.

Tamén se ofrece a posibilidade de asistir as **tutorías** sobre Ainfovac que se imparten en Fonteboa os xoves pola tarde (de 15,30 a 18,30 horas); recoméndase contactar previamente con José Manuel Campos. (josemanuel.campos@efagalicia.org)

RESAXEGA

REGISTRO DE ENTIDADES CON SERVICIOS DE ACONSELLAMENTO OU XESTIÓN DE GALICIA

A Asociación EFA Fonteboa, dende principios de 2009 está inscrita no *Registro de entidades con servizos de aconsellamento ou xestión de Galicia*, e a **proposta** de traballo para o presente ano é **desenvolver un plan de xestión técnica - económica en cuestións agronómicas**. Participan neste programa 25 explotacións de vacún de leite, algunhas delas xa estiveran anteriormente na AXE.

GRUPOS DE TRABALLO DE FAMILIAS



Para o **venres 24 de abril** están previstas as reunións dos GT Familias de ESO

No mes de xuño, o **venres día 5** haberá tamén a reunión coas familias de 1º e 2º de ESO; e o **venres 12**, para as de 3º e 4º de ESO.

XORNADAS DE ACCIÓN RURAL



Este ano serán do 22 ao 29 de xuño e como tódolos anos, na EFA El Poblado, de El Grado (Huesca). Poden participar alumnos de 3º e 4º de ESO, de Formación Profesional e tamén Antiguos Alumnos. Son uns días de formación e de convuercia con xóvenes doutras rexións.

ACTIVIDADES DE ADAMA



A Asociación de mulleres ADAMA (asociación para a dinamización e animación da muller do agro) continúa co seu programa de traballo, e as actividades previstas neste período son as seguintes:

- Sábado 18 de abril: **Visita de Estudio a Tomiño** (planta ornamental). O custe é de 15 €/persoa (Inclúe o xantar). A saída é as 9.00 horas.
- Sábado 2 de maio: **Sesión sobre "Primeiros Auxilios" e "Inglés básico"** Horario de 11 a 17.00 horas
- Sábado 27 de xuño: **Sesión sobre "Primeiros Auxilios" e Inglés básico**. Horario de 11 a 17,00 horas.
- Sábado 4 de xullo: **Obradoiro de cociña con algas e setas**. Impartido pola empresa Portomuiños. Horario de 11,00 a 17,00 horas.

BOLSA DE TRABALLO



Con certa frecuencia recibense na EFA ofertas de traballo. Aqueles Antiguos Alumnos interesados en atopar traballo ou mellorar o que xa teñen, poden contactar coa Dirección do Centro para recabar información ao respecto. Tamén se recomenda que se pase a información que poida ser útil para outros socios.

REUNIÓN DOS "AMIGOS DAS ABELLAS"



Para o luns 20 de abril, ás 20,00 horas está convocada a xuntanza correspondente a dito mes. Trataranse temas de actualidade do mundo apícola, problemáticas e solucións ás mesmas. Ao mesmo tempo esablecerase o calendario de traballo do presente trimestre.

Sobre a apicultura destacar que o número de rapaces de Fonteboa interesados nas abellas continúa a medrar e que xa se está a traballar na constitución da Aula de Apicultura.

FORMACION OCUPACIONAL



O Centro de Promoción Rural - EFA Fonteboa está homologado pola Consellería de Traballo para impartir as seguintes formacións: **Aplicacións informáticas de xestión, Técnico de software ofimático, Informática de usuario, Horticultura e Xardinería**. Para o presente ano están solicitados curso das especialidades citadas e estamos pendentes da resolución da Consellería de Traballo. As persoas interesadas en calquera destas formacións, deben poñerse en contacto coa Dirección da EFA e tamén coa Oficina de Emprego correspondente.

CLAUSURA CURSO



Neste curso a data prevista para a clausura de curso é o **venres 19 de xuño**, a partir das 20,00 horas. Ademais das familias de Formación Profesional é unha oportunidade de reunirse tódalas persoas que participaron nas diversas actividades de formación desenvolvidas a o longo do ano.